CARLOS VIEITEZ FERNANDEZ (1 para 2)
ALCALDE-PRESIDENTE
Data de Sinatura: 10/11/2026
HASH: 289e1c52edab8828aa5d3c03e6691 7ee

TRINIDAD LORENZO LEMA (2 para 2)
SECRETARIA-INTERVENTORA ACCIDENTAL
Data de Sinatura: 10/11/2026
HASH: e7a8f0320af667458deb22db5b4590 57

Expte núm.: 636/2026

Asunto: Premio XL CARREIRA POPULAR CONCELLO DE MEAÑO

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Vista a XL Edición da Carreira Popular celebrada no Concello de Meaño na data de 13 de setembro de 2026, e a vista dos resultados acadados e facilitados pola empresa adxudicataria do contrato de servizo da organización da carreira e o informe da concelleira de educación, cultura, deporte, ocupación do tempo libre, infancia, xuventude turismo e comercio, nos que se determinan os segundos clasificados na categoría masculina e feminina cun premio cada un de 200,00 €.

Visto o informe da Intervención de data 10/11/2026, no que formula reparo suspensivo en relación recoñecemento da obriga e pago destes premios por non seguir o procedemento legalmente establecido.

Visto que estes gastos contan con crédito orzamentario suficiente para a súa aprobación na aplicación orzamentaria 341.480.00.01 polo importe total de 400,00 €.

Vista a importancia que ten o fomento da deporte e a tradición da celebración desta carreira popular no noso termino municipal, e sen prexuízo de que sexa necesario adecuar a tramitación destes expedientes a normativa vixente, esta Alcaldía en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 217 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o artigo 54 e seguintes do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Resolver as discrepancias contidas no informe de reparo da secretaria-intervención, deixando sen efecto a suspensión na tramitación do expediente, procedendo a levantar o reparo.

SEGUNDO.- Autorizar e dispoñer o gasto , aprobar o recoñecemento da obriga así como a ordenación do pago dos segundos premios da XL Edición da Carreira Popular celebrada no Concello de Meaño na data de 13 de setembro de 2026 con cargo a aplicación orzamentaria 341.480.00.01 que a continuación se detallan:

	IMPORTE BRUTO	IRPF	IMPORTE LIQUIDO	TERCEIRO
2º Premio FEMENINO XL CARREIRA POPULAR CONCELLO DE MEAÑO	200,00	No aplica	200,00	**TAMARA GARCIA RODRIGUEZ**
2º Premio MASCULINO XL CARREIRA POPULAR CONCELLO DE MEAÑO	200,00	No aplica	200,00	**HUGO GARCIA SOUTO**

Mándao e asínao o alcalde, na data indicada na marxe, do que como secretario accidental da corporación dou fe, aos exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 letra “e” do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo

(Asinado dixitalmente na marxe)

RESOLUCION DE ALCALDIA
Número: 2026-0693 Data: 10/11/2026

Cod. Validación: 5AYYQWKJZMD63PZ5L6EK4SFJR
Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1